

**Datos Do Expediente:**

| | |
|--------------------------------|------------|
| XUNTA DE GOBERNO LOCAL | |
| Unidade Tramitadora: | |
| Organos de Goberno e Central - | |
| Número expediente: | Documento: |
| AYT/XGL/29/2020 | GOB14I0EO |
| 3W2R4J5L19371S0F0AR1 | |
| | |

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE

| | |
|--|---|
| <p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>NON ASISTEN:</u> D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY</p> <p><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL:</u> D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p> | <p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do tres de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p> |
|--|---|

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO CAMBIO DE SISTEMA DE COMPENSACIÓN A CONCERTO NO POL. 1 DO PS DO ÁMBITO I DA MP DO PXOM DO SRAU DO POL. RÍO DO POZO.-

(...)

Primeiro. - Aprobar inicialmente o cambio de sistema de actuación de compensación ao de concerto para levar a cabo o desenvolvemento urbanístico do Polígono 1 determinado no Plan de Sectorización do ámbito I establecido na Modificación puntual do PXOM do SRAU do contorno do Pol. Ind. do Río do Pozo.

Segundo. - Someter a información pública o acordo anteriormente adoptado mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia polo prazo dun mes.

Terceiro. - Notificar de forma individual a tódolos propietarios afectados.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DUN PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS SITO NA AVDA. SOUTO VIZOSO.-

(...)

Primeiro. - Aprobar inicialmente o proxecto de normalización de fincas sito na Avda. Souto Vizoso (referencias catastrais ref. catastrais 6367004NJ6166N0001FK, 6367072NJ6166N0000XJ e 6367003NJ6166N0001TK) promovido por Manuel Vergara López, Antonio Casal Morata e Marcos Vergara Carrodegas, e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Manuel Fidalgo Couce o 09.07.2020 e presentado na sede electrónica o 16.07.2020, e anexo asinado o 27.08.2020 presentado no rexistro de entrada o 31.08.2020.

Segundo. - Someter a información pública o proxecto polo **prazo dun mes**, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia.

Terceiro. - Notificar estes acordos a todos os propietarios afectados.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ACEPTANDO A SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS DURANTE O ANO 2020.- Vista resolución da alcaldía cuxa literalidade se transcribe a continuación:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“Asunto: Aceptación da subvención concedida pola Consellería de Cultura e Turismo para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para o ano 2020

A Xefa substituta do Servizo Sociocomunitario Municipal, María Dolores Pérez López, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2020, acorda solicitar á Consellería de Cultura e Turismo, unha subvención por importe de 1.125,00 € para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para o ano 2020, que na memoria xustificativa de necesidade se denomina “Ler conta moito 2020”.

No DOG de data 20 de xullo de 2020 publícase a resolución do 9 de xullo de 2020 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas para a programación de actividades de dinamización da lectura para o ano 2020, concedéndoselle ao Concello de Narón unha subvención por importe de 859,03 €.

No Orzamento de Ingresos aprobado para o exercicio 2020 non está prevista a subvención concedida pola Consellería de Cultura e Turismo para o programa que se referencia, por mor disto, é necesario incrementar o crédito inicial da aplicación orzamentaria 3321.22799, seguindo o establecido na Base 9ª das Bases de Execución do orzamento en vigor, para a tramitación do expediente de modificación de créditos por xeración, xa que de non facer o incremento se impediría a execución dos gastos incluídos nesta subvención.

A mesma base esixe a remisión á Intervención Xeral dun informe con indicación dos datos básicos da concesión, o plan de financiamento vinculado á operación, incluíndo os recursos propios a aportar e a súa procedencia cando a achega por subvención non acade o 100 % do gasto previsto, así como as aplicacións orzamentarias de gastos que se verán incrementadas co ingreso xerado, acompañando copia do compromiso ou acordo de concesión.

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aceptar a concesión de subvencións doutras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos



establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente por existir data límite de presentación da solicitude.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a aprobación da aceptación da subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003
- Lei 9/2007, de 13 de xullo de Subvencións de Galicia
- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Bases de Execución do vixente Orzamento
- Orde do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras desta subvención
- Resolución do 9 de xullo de 2020 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas

por todo o exposto, a xefa SUBSTITUTA do servizo sociocomunitario municipal, MARÍA DOLORES PÉREZ LÓPEZ, PROPÓN A ALCALDÍA QUE RESOLVA

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aceptar a concesión da subvención por parte Consellería de Cultura e Turismo para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia para o ano 2020.

Segundo.- Aceptar a subvención concedida pola Consellería de Cultura e Turismo, por importe de 859,03 €, para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para o ano 2020

Terceiro.- Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo:

| | |
|--|------------|
| Importe do proxecto | 1.500,00 € |
| Achega do Concello con cargo á aplicación orzamentaria 3321.22799 | 640,97€ |
| Subvención concedida (máximo 75 % do importe do proxecto) aplicación orzamentaria 3321.22799 | 859,03 € |

Cuarto.- Tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos por xeración, de acordo co seguinte detalle:

| | |
|------------------------------------|--------------------------|
| Aplicación orzamentaria 3321.22799 | Importe a xerar 859,03 € |
|------------------------------------|--------------------------|

Quinto.- Dar conta deste acordo na primeira sesión que celebre a Xunta de Goberno Local."

E unha vez fiscalizado coa toma de razón pola Intervención municipal en data 28-08-2020(ICO1410CV) o documento SSO14129U do expediente ENS/17/2020, (código proxecto: 2020.2.0000039 no que consta a achega municipal por importe de 640,97€), esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ACEPTANDO A SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO PARA A DOTACIÓN DE NOVEDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO E

MELLORA DE COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS CON DESTINO ÁS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.- Vista resolución da alcaldía cuxa literalidade se transcribe a continuación:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Aceptación das subvencións concedidas no ano 2020 pola Consellería de Cultura e Turismo para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e mais, para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino as bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

A Xefa substituta do Servizo Sociocomunitario Municipal, María Dolores Pérez López, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

Pola Xunta de Goberno Local de 20 de febreiro de 2020, se aproba a solicitude de Subvención por importe de 7.000,00€, á Consellería de Cultura e Turismo para os programas A (dotación de novidades editoriais en galego en formato físico-3.000,00€), e B (mellora das coleccións bibliográficas con destino as bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal-4.000,00€), ao abeiro da convocatoria publicada no ,DOG Nº 27 DE 10/02/2020, orde de 08/01/2020.

No Diario oficial de Galicia de 17 de xullo de 2020 nº 89, se publica a Resolución de 08 de xullo de 2020 da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se dá publicidade as axudas concedidas ao abeiro da orde referenciada no parágrafo anterior, na que ao concello de Narón concédenselle 2.924,00€ para a dotación de novidades editoriais en Galego en Formato Físico, e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino as bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal a cantidade concedida é de 3.864,74€. O importe total da subvención concedida ascende a 6.788,74€.

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aceptar a concesión de subvencións doutras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente por existir data límite de presentación da solicitude.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a aprobación da aceptación da subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

-Orde de 8 de xaneiro de 2020, publicado no Dog nº 27 de 10 de febreiro de 2020 da Consellería de Cultura e Turismo.

-Resolución da Consellería de Cultura e Turismo de 08-07-2020 polo que se da publicidade as axudas concedidas ao abeiro da Orde de 8 xaneiro de 2020, publicada no dog nº 27 de 10 de febreiro de 2020.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA SUBSTITUTA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, PROPÓN A ALCALDÍA QUE RESOLVA

1º-Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aceptar a concesión da subvención por parte Consellería de Cultura e Turismo para a a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e mais, para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino as bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

2º -Aceptar a subvención concedida pola Consellería de Cultura e Turismo por importe total de 2.924,00€ con destino a Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, así mesmo, aceptar o importe de 3.864,74€ para a mellora das coleccións bibliográficas, entrambas concesións o importe é de 6.788,74€, ao abeiro da convocatoria publicada no dog nº 27 de 10/02/2020, orde de 08/01/2020.

3º -Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo:

| | |
|--|------------|
| IMPORTE TOTAL DO PROXECTO: | |
| Línea | 2.924,00€ |
| A) Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico. | 3.864,74€ |
| B) Mellora das coleccións bibliográficas | |
| Importe da subvención concedida | 6.788,74€. |
| Importe da achega municipal | 0,00€ |
| Aplicación orzamentaria : 3321.62900 | |

E unha vez fiscalizado coa toma de razón pola Intervención municipal en data 26-08-2020(ICO1410C0) o documento SSO141291 do expediente ENS/16/2020, (códigos proxectos: 2020.2.0000036 e 2020.2.0000037), esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:** Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

ACORDO.- A Xunta de Goberno Local deuse por enterada.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI